

Programación xeral anual 2015-2016

DOCUMENTO 1 E 2

IES Fin do Camiño



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CONTIDO

1. Características do centro e do seu entorno	3
2. Obxectivos xerais para o curso 2015-16.....	4
3. Organización Xeral do centro	5
3.1 Horario do centro.....	6
3.2 Profesorado	7
3.3 Alumnado:.....	8
3.4 Conmemoracións.....	8
3.4 Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	9
3.5 plans de centro e plan de formación do profesorado.....	10
3.6 Servizos complementarios:.....	10
3.7 Biblioteca Escolar:	11
3.8 Dinamización lingüística:	11
3.9 ANPA	11
3.10 Plan Económico:	11

1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO

O Concello de Fisterra forma parte da chamada “Costa da Morte” e é un centro de peregrinaxe ao considerarse o fin do Camiño de Santiago. Centos de peregrinos visitan o pobo e queiman as súas botas no Faro, patrimonio europeo da humanidade.

A principal ocupación profesional do concello son as actividades relacionadas co mar, seguida do sector servizos (hostalería) e a construción costeira en auxe os últimos anos, aínda que en actual declive.

Fisterra era, ata hai pouco, un pobo cun forte illamento social e tamén xeográfico, motivado polas malas comunicacións.

O IES Fin do Camiño é un centro de ESO de nova creación que se atopa preto da praia de Mar de Fora, e que leva funcionando só 12 cursos escolares, logo de separarse fisicamente do actual centro de primaria CEIP Mar de Fóra. Ademais do anterior, o CEIP Areouta da aldea de Sardiñeiro, é outro centro adscrito do que recibimos alumnado. Na contorna existe outro centro privado concertado de carácter relixioso. Por outra banda, o centro acusan unha forte dispersión rural.

O alumnado que acolle procede de familias dunha contorna sociocultural medio-baixo. O 90% usa o galego como lingua materna vehicular. Quizais determinado polo illamento da zona, notamos nas familias e o alumnado un gran déficit de habilidades sociais e de relación, que fai ás veces difícil a comunicación. Neste campo é de destacar a recente creación dunha ANPA no noso centro.

O centro oferta soamente a etapa da ESO, con 89 alumnos escolarizados distribuídos un grupo para 1º, un grupo para 2º, un para 3º e un 4º. Así como un 4º PDC con 10 alumnas e alumnos.

O alumnado que remata a ESO ou que quere facer a FP Dual acude ó pobo de CEE ou ben solicita praza no Centro Residencial Docente da Coruña.

O claustro está constituído por 16 profesores, cunha forte mobilidade ano a ano, de orixe foránea e con residencia provisional en concellos próximos. Aínda así hai un bo número de persoas que se implican na realización de proxectos educativos e pódese dicir que o Instituto é un centro innovador e dinámico. Cóntase cun limpador, un conserxe e un administrativo.

Serán obxectivos prioritarios este curso escolar:

1. Contribuír á redacción dun novo protocolo de acosos escolar en base as instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
2. Facer un seguemento dos distintos planes e programas cos que conta o centro.
3. Prestar axuda na coordinación do Contrato-Programa solicitado á consellería, no caso de ser concedido así como prestar apoio ós plans de innovación educativa do centro, como o Club de Lectura, o Plan B ou o proxecto ABALAR.
4. Avanzar na coordinación entre o mestre de PT, o profesorado das materias instrumentais, o profesorado que imparte os plans de reforzo(exención de francés) e os reforzos en horario extraescolar dentro do Contrato-Programa.
5. Continuar co proxecto PROMECE titulado “Desarrollo de competencias Básicas a través del aprendizaje servicio” xunto cos centros IES Miguel Catalán (Coslada), IES Leonardo da Vinci (San Cugat del Vallés), IES Arcipreste de Hita (Azuqueca de Henares) e o IES Parquesol (Valladolid). O noso centro foi o representante de esta agrupación, sendo D. Javier Garcia Barreiro, orientador do IES Fin do Camiño, o coordinador xeral do proxecto.
6. Continuar na mellora da convivencia seguindo as seguintes liñas prioritarias:
 - Crear redes de centros educativos en torno a la temática da convivencia escolar.
 - Ofrecer maior protagonismo ó alumnado na resolución dos seus conflitos
 - Afondar na estratexia da aula de convivencia como ferramenta de xestión coordinada dos conflitos.
 - Reducir o número de privacións do dereito de asistencia, artellando outras de carácter creativo e reparador.
 - Introducir ós contidos da educación emocional nas respectivas áreas ou materias. Mellorar as capacidades socioemocionais do alumnado, co obxecto de que incida no rendemento académico. Neste ano

implementase en primeiro da ESO a materia de libre configuración “Intelixencia Emocional para a Creatividade”

- Mellorar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos.
- Seguir avanzando no paso sistema ríxido de aplicación de sancións, a un sistema flexible que ten en conta cada caso en particular e no paso dun sistema de aplicación das sancións centralizado na dirección a un sistema de toma de decisións en pequeno grupo.

7. Mellorar os resultados académicos do alumnado, optimizando as medidas de atención á diversidade, tamén as propostas na Circular 8/2009.
8. Impulsar o Plan de Bibliotecas escolares, recentemente concedido ó centro escolar, colaborando na coordinación de actividades de clubs de lectura, teatro, cineforum, etc..
9. Fomentar a aparición dunha ANPA.
10. Avanzar na oferta de actividades extraescolares: tenis de mesa, baloncesto, formación en mediación, clubs de lectura, etc. compensando a falta de opcións culturais da contorna.
11. Dotar ó centro do material deportivo necesario, como as porterías de fútbol, as canastas, tan demandadas polas xuntas de delegados, e tamén insistir no arreglo de diverso material: pintar as paredes das aulas , etc.
12. Mellorar a sostibilidade do centro.

3. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

O IES Fin do Camiño é un centro de 5 unidades. Como soamente hai 1 profesor mais nun Claustro que nunha CCP, esta dirección primará a convocatoria de Claustro fronte ás da CCP, convocándoas unha vez ó mes.

Respecto do profesorado, este curso contamos con 16 profesores/as, (un deles compartido con outros centros), 1 personal administrativo, 1 conserxe e un personal de limpeza.

Potenciarase nos horarios ás actividades destinadas á coordinación ABALAR, Biblioteca Escolar, Normalización Lingüística e Convivencia, como proxectos de innovación educativa.

Como criterios pedagóxicos de elaboración de horarios tiveronse en conta:

- Xuntar as titorías de primeiro e segundo ciclo da ESO á mesma hora, co fin de levar a cabo actividades de reunións da xunta de delegados ou titoriais.
- Integrar a reunión semanal do observatorio de convivencia na reunión de titores e titoras.
- En canto a Aula de Convivencia houbo unha serie de reformas, debido todas á redución de profesorado neste centro. A estrutura actual é que esta aula funcionaría como aula de Reflexión os lun e martes, e será atendida polo profesor/a que nese momento estea de garda de aula. Os mercores (4 horas) xoves e venres, ademais de aula de Reflexión, será aula de traballo, para aquel alumnado que fora sancionado con traballo nela. Estes dous días si haberá un profesor/a que atenderá a aula.

En canto a Mediación temos un novo equipo. O obxectivo deste ano é formar a un grupo de mediadores de 1º e 2º da ESO. Así como alumnado axudante.

Este ano tamén implementarase o Club de deberes con alumnado de 4º ESO, que axudaran en horario de tarde e nas dependencias do instituto, a alumnado de primeiro ciclo con necesidades.

3.1 HORARIO DO CENTRO

O horario lectivo do centro será de 8:30-14:00 de luns a venres. O luns terase clase pola tarde de 16:20 a 18:00 h. Haberá un único recreo de 30 minutos.

O centro conta con profesorado de garda para atender ó alumnado á entrada e á saída e para a vixilancia do transporte escolar.

Por outra parte abriremos o centro pola tarde para as seguintes actividades:

- Reforzo e apoio en horario extraescolar, dentro do Contrato-Programa, Martes e xoves de 17:00-19:00
- Club de Deberes, o martes de 16.20 a 18.00
- Plan de Bibliotecas Escolares, o martes de 16:20 a 18:00
- clube de lectura, os luns de 14:00-16:20

3.2 PROFESORADO

NOME	ESPECIALIDADE
Maria Teresa Iriso Delicado	Música
López Sanmartín, Cristina	Inglés
Santalla Taracido, Patricia	Lingua Castelá
De la iglesia García, Maria Luz	Ciencias Naturais
Díaz Gómez, Ana Isabel	Ciencias Sociais
Díaz Mouro, Sandra María	Matemáticas
Jesús Blanco Pose	Matemáticas
Rodríguez Álvarez, Virginia	Física e Química
Bueno Hermida, Iván	Educación Física
Kvisz, Bertalán	Educación Plástica
Ledo Regal , Cristina	Tecnoloxía
Castro Márquez, Ana Belén	Francés
Tato Varela, María Jesús	Lingua Galega
Sonia Magariños Riveira	Relixión (comisión de servizos)
Javier García Barreiro	Orientación
López Castaño, Lino	Pedagoxía terapéutica

Características especiais:

- O profesor de Educación física asume 6 horas de informática.
- A profesora de Francés asume 8 horas do ámbito social de 4º de PDC.
- O ámbito Científico será impartido polo departamento de Física e Química e polo departamento de Matemáticas.
- A profesora de música asume 2 horas de cidadanía de 2º ESO e 4 horas de Lingua castelá en 1º ESO .

3.3 ALUMNADO:

Temos no centro matriculados 89 alumnos/as, distribuídos do seguinte xeito:

- 1º ESO, 1 grupo de 21 alumnos/as
- 2º ESO, 28 alumnos/as
- 3º ESO, 19 alumnos/as.
- 4ºESO, 21 alumnos/as. Neste grupo está integrado un grupo de diversificación con 10 alumnos/as.

Na organización dos desdobres do grupo de 2 º ESO (L Galega e Inglés), tentouse crear grupos heteroxéneos, nos que o alumnado con NEAE se distribuíuse nas diferentes clases. O alumnado con dificultades cursará programas específicos personalizados, e programas de reforzo das instrumentais con atribución horaria.

3.4 CONMEMORACIÓN

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 25 de novembro de 2012: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 1 ao 11 de decembro de 2012: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2012: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2013: Día da Paz.

- 8 de marzo de 2013: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 15 de marzo de 2013: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 11 ao 15 de marzo de 2013: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- Entre o 12 e o 30 de abril de 2013: Día do Libro.
- 7 de abril de 2013: Día Mundial da Saúde.
- 9 de maio de 2013: Día de Europa.
- Do 9 ao 17 de maio de 2013: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2013: Día Mundial do Ambiente.

Celebraránse como días non lectivos por coincidir cos festivos locais os días 7 de decembro e 16 de maio, á espera da aprobación pola inspección.

3.4 PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As Actividades Extraescolares presentadas ata o momento son as seguintes:

- Clube de Lectura
- Biblioteca escolar
- Excursión de fin de curso no 3º e no 4º de ESO

As actividades complementarias presentadas ata o momento son as seguintes:

- Saída de Orientación Profesional para 4º ESO
- Plan Proxecta. Ríos
- Obradoiros de Relacionate e Afectivo-Social impartidos pola matrona do Hospital de Cee
- Festival de Samaín
- Festival de Entroido

A parte destas actividades están pendentes todas aqueles de deben presentar os departamentos interesados antes do día 29 de Outubro.

3.5 PLANS DE CENTRO E PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Actualmente están redactados os seguintes plans de centro: Normas de Organización e Funcionamento (actualizado e revisado no curso 2014-15), Contrato-Programa (de ser concedido), Plan Lector, Proxecto Lingüístico, Plan de Autoprotección, Plan TIC e ABALAR e Plan de Convivencia, Protocolo de Absentismo Escolar(actualizado e revisado no curso 2014-15), estando pendente de revisar e adaptar en colaboración co departamento de orientación o protocolo de acosos escolar.

Como proxectos significativos do centro destacamos:

- O Proxecto ABALAR, que supón a total implantación das novas tecnoloxías en 1º de ESO , 2ºESO , 3º ESO, e neste curso extenderíase a un grupo de 4ºESO., na materia de informática.
- O Plan de Bibliotecas Escolares (Plan B), composto por 2 profesores que estimulan as actividades culturais e dinamizan o Plan Lector do centro.
- O Club de Lectura, formado por 3 profesoras
- O Proxecto Ríos.
- O proxecto de Reparto de Froita Fresca nas escolas, da consellería do medio rural, sobre o consumo saudable de froitas e verduras
- O proxecto PROMECE titulado “Desarrollo de competencias Básicas a través del aprendizaje servicio” xunto cos centros IES Miguel Catalán (Coslada), IES Leonardo da Vinci (San Cugat del Vallés), IES Arcipreste de Hita (Azuqueca de Henares) e o IES Parquesol (Valladolid).
- O Contrato-programa solicitado á consellería que, no caso de concederse, abarcaría as liñas de reforzo e apoio no horario extraescolar e a convivencia escolar.

3.6 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

- Transporte escolar (ver anexo)

3.7 BIBLIOTECA ESCOLAR:

Os membros terán 1 reunión semanal e a coordinadora da biblioteca 2 horas de redución horaria. A biblioteca conta cunha programación propia dentro do Plan de Bibliotecas Escolares.

3.8 DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Terá dúas funcións prioritarias que se son a redacción da revista escolar e o fomento da Lingua Galega no apoio de actividades de difusión, ademais de todos os festivais e celebracións referentes a Galicia. O equipo de dinamización lingüística conta con programación propia.

3.9 ANPA

O centro non conta cunha ANPA no centro. Estimularase e asesorarase dende o equipo directivo esta iniciativa, a través das reunións de nais e pais. Por outro lado, garantirase a representación das familias na convocatoria de eleccións ó consello escolar.

3.10 PLAN ECONÓMICO:

Este ano o presuposto adxudicado a cada departamento será de 150€. Aqueles departamentos que necesiten maior presuposto deberán presentar unha xustificación e un proxecto que será valorado no consello escolar.

A biblioteca contará con presuposto propio froito do do Plan B (900€). Tamén, no caso de concederse, o Contrato_programa, Club de Lectura e Dinamización lingüística. Tamén os programas PROMECE e o Reparto de Froita fresca nas escolas.

Fisterra, 27 de Setembro de 2015

A Directora:

Asdo.: Virginia Rodríguez Álvarez